

1º CAMPIONATO DE PESCA PRAIA AREA MAIOR 2020 (MALPICA DE BERGANTIÑOS).

SABADO 4 DE ABRIL (INSCRICIÓN ATA O 1 DE ABRIL ÁS 14:00 H. no Concello de Malpica)

A finalidade desta competición é que os participantes disfruten da xornada de pesca e teñan a posibilidade de realizar a captura da súa vida, facendo o menor dano posible ó entorno. Para esta primeira edición elixíose a Praia Area Maior de Malpica.

NORMAS E BASES

Destinada a participantes federados que estean en posesión da licencia de pesca e da tarxeta federativa. Para os participante que non estean federados, coa inscrición tramitaráselles a tarxeta federativa.

ORGANIZA: CONCELLO DE MALPICA

COLABORA: NAÚTICA ESTRIBOR

CITACIÓN: Unha hora antes do inicio da competición no medio do paseo da Praia Area Maior de Malpica para realizar o sorteo dos postos, recoller os dorsais, explicar as normas e unha vez repartidos todos dirixirse ó seu posto, que estarán sinalizados cunha separación de 20 metros. Neste momento entregaráselles unha táboa coa medidas das capturas.

HORARIO DA PROBA: DE 17:00 A 21:00 H.

Tanto o comenz como o final da competición farase cunha sinal sonora.

COMPETICIÓN ABERTA, coa colaboración da Federación Galega de Pesca.

INSCRICIÓN: NO CONCELLO DE MALPICA, TELF 981720001, Inscricion por pescador/a 20 € federados, 40 € non federados. Nen@s menores de 15 anos 15 €. As inscrición realizaranse no Concello de Malpica cunha instancia solicitada no Departamento de Deportes cos datos da parella participante e transferencia bancaria na seguinte conta de Náutica Estribor co nome e apelidos, poñendo no concepto 1º CAMPIONATO DE PESCA.

BANCO SABADELL: ES22 0081 2162 5200 0106 5415

PRAZAS 20 PARELLAS. (por rigurosa orde de inscrición)

PREMIOS:

1º 2 CAÑAS SUNSET SUPREMACY SURF HYBRIB 420

2º 2 CARRETES SUNSET TEAM COMPETITION SW FD

3º 2 VADEADORES SERT NEOPRENO

Ademais haberá un agasallo para o pescador que pesque a peza de maior peso.

Agasallo para o pescador que capture o maior número de pezas.

Agasallo para o pescador que menos pesque.

Agasallo para o pescador de maior idade.

Agasallo para o pescador mais novo.

BASES:

- 1º. Concurso libre – non federado. Por parellas.
- 2º. O campión será o que aporte a maior pesaxe, limpa de areas, dentro da legalidade (os mais pequenos, recomendamos devolvelos ó mar) unha vez rematada a proba todos os exemplares pesados serán doados ó Banco de Alimentos do Concello de Malpica.
- 3º.- Autorízase o uso de 2 cañas por posto con baixos de líña dun máximo de 3 amocelos que non podrán ser de medida inferior a 5mm de anchura.
- 4º.- O cebo será libre, excluindo o cebo artificial e non se permite o cebado na proba.
- 5º. Para efectuar os lances so se poden meter ata a rodilla na auga.
- 6º. En caso de que algún participante, pescara un peixe de tamaño considerable, que lle obrigue a desprazarse á dereita ou a esquerda do posto, os postos colindantes retirarán as cañas, para evitar que se enreden ou perda a captura.
- 7º. Modaldidade de pesca: Surfcasting
- 8º. Establecerase un punto por gramo en tódalas especies. Non computarán especies que non den talla ou que estean en veda. Non computan os cefalópodos. Considerarse capturas válidas as estipuladas pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia.
- 9º. Zona de pesca: Praia Area Maior incluída a Praia de Canido.
- 10º. Os premios repartiranse entre os 3 primeiros de maior número de puntos. Cada participante terá un dorsal que en caso de que os premios queden desertos, será válido para o sorteo dos mesmos. Os premios non son canxeables.
- 11º. Unha vez rematada á proba, a organización disporá de 30 minutos para recoller as capturas e levalas o lugar donde se fixera o sorteo dos postos, donde se realizará a pesaxe.
- 12º. A competición contará cunha póliza de responsabilidade civil que cubrirá o evento.
- 13º.- Queda prohibido botar cualquera obxeto ó mar, e será de obrigado cumprimento á limpeza do posto de pesca en canto remate a competición. Cualquera destas dúas normas que non se cumpran levará á descualificación dos participantes.
- 14º. Os participantes aceptarán a totalidade destas bases no momento de efectuar á incrición e o que incumpra o establecido nas bases será descualificado.